

A MÚSICA NA TERRA DE MELIDE

OS IRMÁNS GARCEIRAS

O grupo de gaitas dos irmáns Garceiras empezou a tocar no ano 1934, en Garceiras, parroquia dos Ánxeles (Melide); estaba composto por Gabriel, Suso e Arturo Mato. Ao cabo dun anos foron contratados pola comisión de festas da Nosa Señora do Carme en Melide, actuaron os tres días da festa.

No ano 1938 sumáronse a esta pequena agrupación tres irmáns máis, que eran José, Ramón e Milucho Mato, con idades comprendidas entre os 12 e os 14 anos, quedando así formado o grupo polos seis irmáns Garceiras. Con posterioridade fóronse incorporando novos membros tales como Antonio, Eduardo, Enrique..., e parécenos que aínda houbo algún máis, produto da evolución natural de calquera grupo cunha traxectoria tan longa. A partir do ano 1944 os contratos sucedíanse con periódica frecuencia durante a época de verán e entroido.

No 1955 decidiron presentárense por primeira vez a un concurso que tivo lugar en Lugo, onde conseguiron o primeiro premio fronte a unha ducia de agrupacións. Este foi o inicio dunha longa serie de triunfos por toda Galicia. Na mesma cidade foron galardoados en dúas ocasións máis, no ano 1957 e en 1956. No medio destas datas recibiron por tres veces o primeiro premio en Ourense e o segundo e o terceiro noutros certames



celebrados nesta cidade. No ano 1961, co gallo do *Primeiro Concurso Regional de Gaitas*, organizado en Vigo, outorgóuselles o premio, que tiveron que disputar por vía de eliminación con dúas agrupacións de distintas zonas de Galicia. E así poderíamos seguir enumerando premios e condecoracións, pero máis importante nos parece destacar a ledicia que levaron a todos os que gozaron da súa arte e sobre todo a semente que deixaron no noso pobo, da que naceu outra agrupación chamada *Froito Novo*.

BANDA MUNICIPAL DE MELIDE

Fundouse no ano 1931 e tivo unha vida reducida por culpa da guerra civil. Foron directores: Rebornecho, Andrés Vilariño, Castaño e Emilio Otero Val.

A época dourada desta banda foi ata o ano 1936, estaba formada por máis de 30 músicos. Despois, cun reducido número de compoñentes prolongou a súa actividade musical ata o ano 1942.

No ano 1991, o alcalde D. Miguel Pampín e o compo-

sitor e director de orquestra D. Fernando Vázquez Arias teñen a idea de crear un conservatorio de grado medio para fomentar o ensino da música. No ano 1995 faise a presentación oficial da banda de música e os seus compoñentes son alumnos do conservatorio.

Esta banda na actualidade ten como director a D. Jesús López Prado. No ano 1966 foi director D. Marcos Galán Piñeiro e no 1995 fora D. Orentino Sueiro Casas.

Esta banda intervén nos concertos programados polo concello e o conservatorio. En decembro do ano 1997 fai a súa primeira intervención nun programa da TVG chamado *Luar*.

No verán de 1998 empeza a facer varias actuacións nos distintos municipios de Galicia. O repertorio é moi variado: pasodobres, marchas, polcas, música clásica, música galega...

Na actualidade participan máis de 30 músicos entre alumnos e profesores.

Unha das novidades é que incluíu instrumentos de corda grave (violonchelos), pouco habitual nas bandas de música galega.

IVÁN MOSTEIRO REFOJO. S3B

